

Le o texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen dificultade.

COÑECE OS NOSOS RÍOS



Nesta páxina atoparás imaxes de moitos dos nosos ríos, desde os máis grandes, como o Miño, o Tambre ou o Ulla, ata os máis pequenos, como o regato de Castiñeiras (en Vilaboa), o Regato Longo (no Parque Natural de Corrubedo) ou o regato de Saímes (en Arzúa).

Peixes	Aves	Réptiles e anfibios	Mamíferos	Insectos
Árbores e arbustos		Liques e mofos	Outras plantas	

Ademais, podes ver unha colección de fichas de diferentes animais que viven nese hábitat, e de plantas e árbores propias das nosas ribeiras. Só tes que facer clic en cada clase ou especie e elixir o que queiras.

Páxina web creada no ano 2006



1 O texto que acabas de ler, onde se atopa? Márcao cun X:

Nunha enciclopedia.

Nunha páxina web.

Nun folleto turístico.

2 En que ano foi creada esa páxina?

.....

3 Cales destes obxectivos cres que se pretenden conseguir?

Que coñezamos mellor os nosos ríos e os seres que neles viven.

Que saibamos o nome de todos os ríos de Galicia.

Que coñezamos algúns dos seres vivos que habitan nas ribeiras e ríos.

Que memoricemos nomes de animais.

Que nos impliquemos no coidado e conservación dos nosos ríos.

4 Fíxate ben no texto e clasifica estes nomes de ríos:

Miño Longo Saímes Ulla Tambre Castiñeiras

Ríos longos:

Regatos:

5 Se quixésemos proporcionar na páxina un dicionario dos ríos, cales destas palabras cres que poderían figurar nel? Sublíñaas:

monte

remuíño

fervenza

ondas

nacemento

baía

riada

horizonte

afluente

desembocadura

6 Busca no dicionario e define estas palabras, segundo o significado que teñen no texto:

lique:

mofo:

Investiga un pouco máis. Coa axuda dun adulto, busca en Internet:

tres nomes máis de ríos galegos:

tres nomes de peixes de río:

tres nomes de réptiles e anfibios de río:

